

OS SUPREMACISTAS DO RUÍDO BRANCO

LESTER BANGS

Está ben. O poder é do que estamos a falar, ou da sensación de que ti non tes ningún, ou de canto poder aparente lle podes arrincar da pel a outro pobre imbécil. É o mesmo en todas partes, sen dúbida, mais unha das cousas que fai única a postura punk é que parece tomar a súa sustancia ou polo menos o seu estilo de abdicar do poder: Mírame! Son un pobre idiota desgraciado! E estou orgulloso! Moita da xente arredor da escena do CBGB e o Max sempre pareceu emocionalmente tolleita cando non directamente no físico: podes ver impedimentos na fala, chepudos, coxos pero sobre todo unha insoportable apatía espiritual. Tomas a indiferenza dos pais, un sistema educativo de merda, unha chea de drogas, a sobrecarga mediática, unha sociedade sen valores que non sexan a énfase histórica na perfección física, e rematas por ter esas pequenas taras: a única rebelión posible, como a revista *Life* definiu unha vez aos Beats. Richard Hell deunos o slogan «Blank Generation», aínda que el insiste que non falaba dunha multitude con todo o dinamismo dunha pantalla estática de TV, senón máis ben dun grupo de xente liberada finalmente polo colapso dos antigos valores para reinventarse a si propios, para facer das súas vidas proclamas artísticas. Desafortunadamente, ese grandioso soño utópico, que de certo non é a primeira vez que dá unha volta por aquí, fica niso, xa que a meirande parte da xente prefiren ser dependentes. Co que quedas, a maiores de co argumento de que todo iso é mellor que os bares de solteiros, é coa compañía. Cando os Ramones levan ao escenario ese cartel que di «GABBA GABBA HEY», o que realmente significa é «Nós aceptámoste». Unha vez franqueadas as armaduras de colares de can, coiro negro e as poses sado-maso, atopas a xente máis amábel, ou polo menos a máis inofensiva do mundo: Deixando a un lado as lendas de Sid Vicious, case toda a súa violencia está dirixida a eles mesmos.

[...]

Richard Hell and the Voidoids son unha das poucas bandas integradas da escena («integradas», que palabra máis estúpida). Escoitei que cando formou a banda ao principio, Richard recibiu críticas dalgúns lados a causa de Ivan Julian, un guitarrista rítmico negro de Washington, D. C., que tocara cos Foundations da famosa «Build Me Up Buttercup». Coido que di bastante do tipo de persoa que é Richard que

mandase ao carallo esa xente e que non queira falar moito do tema agora. «Non lembro nada especial. Simplemente penso que moito xente que di cousas como esa que dis son tan desprezábais que o que din non ten efecto ningún. Entre os músicos hai máis envexa profesional que calquera tipo de problema racial; hai unha chea de murmurios na escena musical, son como rapazas falando de zapatos. Os músicos son todos unha escoura tal que dá igual, xa que agardas deles que poidan dicir a maior merda imaxinábel sobre ti».

[...]

Mais a perspicacia dos Voidoids é máis ben anómala na escena de Nova York. Esta escena e a actitude punk en xeral están repletos de auto-odio, que é sempre reflexivo, e unha vez que chegas á conclusión de que a vida apesta e a raza humana é basicamente un monte de merda, xa tes o caldo de cultivo perfecto para o fascismo. Unha chea de persoas alleas, de feito, pensan que o punk é fascista, mais só porque non ven máis alá de certas expresións de moda, símbolos e pezas de roupa que (penso eu) non son tan importantes: Ron Asheton dos Stooges adoitaba levar esvásticas, cruces de ferro e botas militares no escenario, mais non consigo lembrar que aflorasen nunca consignas de dereitas na música que fixo con Iggy ou coa súa última banda, a cal a moitos non lles fixo excesiva ilusión oír que se chamaba New Order.

Nos últimos tres anos, o legado que nos deixou Ron coa súa indumentaria, deu lugar a unha subcultura internacional cuxos membros poden ser facilmente confundidos a primeira ollada con pequenos «camisas pardas». Non o son, na meirande parte. Só alguén tan parvo como se acusa sempre aos Ramones de seren pode ofenderse cando cantan «I'm a Nazi schatze», ou cando nos din que a primeira regra é obedecer as regras de Alemaña, para xusto despois seguir cun «Come salami kosher». Saín por aí cos Ramones e tratan a todos igual sen diferenza de raza ou sexo -o que eles odian non son os xudeus ou gais ou outro grupo calquera, senón certos idiotas pelo-pincho que veñen de graduarse a semana anterior nas frases de Rocky Horror Picture para acabar experimentando coa heroína, e que agora se deixan caer polo Max tocando os collóns e tentando parecer decadentes.

Mentres tanto non debes intentar ser racista de ningún xeito. Hai un pequeno depósito de veneno escondido en to-

dos nós, brancos e negros, xentís e xudeus, listo para arremeter cando nos sentimos acosados, denigrados, vexados. E por iso ten que ser vixiado e dominado, tanto pola sociedade como polo individuo. Mais hai unha diferenza entre o odio e o vello costume de cuspirlle á autoridade: as esvásticas no punk son basicamente outra forma na que os mozos se enfrontan a seus pais e se cadra á prensa, e ambos merecen o enfado. Ata o nivel que moitos destes mozos con pinchos na cabeza nunca tiveron a menor idea do que significaban todas esas cousas, só chegaron tan lonxe como o seu intento de impresionar. «É unha toma de postura», como di Ivan. «Unha forma realmente inmadura de seren perigosos».

Pode ser. Excepto que despois dun tempo esta adopción informal, incluso irónica, dos tótems da intolerancia pasa a converterse no auténtico veneno. Arredor de 1970 había un enxendro chamado Wayne McGuire que estaba a contribuír á revista *Fusion* cunha serie de entregas de algo ao que chamaba «Unha Viaxe Acuaria» onde suxería, a medio camiño entre borborotos de Nietzsche regurxitado e malas elipses de Celine, que a Velvet Underground representaba algún tipo de fito místico no destino da raza aria, e intentou incluso conectar a súa música coas ideas de Mel Lyman, quen era un dos prototipos da actual colleita de preceptores do prendemento mental.

A un nivel menos sistemático, tivemos poucos afloramentos tales coma Iggy vociferando «A nosa seguinte peza esta noite para vós, todas as damas xudías da audiencia, titúlase ‘Rich Bitch’!» no pirata gravado en directo en 1974 *Metallic K.O.*, e a miña vella casa da revista *Creem*, onde pola mesma época eu estaba bastante orgulloso de min mesmo por escribir cousas como (nun artigo sobre a fase «soul» de David Bowie): «Ben, como todos sabemos, os hippies brancos e os beatniks antes que eles nunca terían existido se non tivera existido toda unha subcultura xeracional co persistente anhelo de non ser nada menos que os negratos máis deprimidos e perigosos... Todo o mundo estivo dando voltas este derradeiro ano ou así actuando coma se os maricóns rexesen o mundo, cando en realidade son os negratos os que controlan e dirixen todo o cotarro xusto como sempre foi e sempre debera ser».

Figureime que todo isto iría co espírito de Lenny Bruce de debilitemos-os-epítetos-botándoos-fóra en Detroit e non pensei en ningún intre en ir a festas con xente como David Ruffin ou Bobby Womack onde emborracharme, sobar ás tipas, e improvisar temas de blues con versos como «Quixera ser un negrata / Así a miña pirola sería máis grande», e por suposto todo o mundo riría. Levou anos antes de que me decatase do imbécil que fora, por non mencionar a sorte que tiveron de saír de alí coa miña pel branquiña intacta.

[...]

Se non hai nada máis velenoso que a intolerancia, non hai nada máis patético que o sentimento de culpa liberal. (...) Pero ilustra un feito primordial: o fácil e subitamente que te podes atopar a ti mesmo encerrado e afogado pola mesma liberación do fariseísmo, o dogma e a hipocrísia que crías conseguir. Que a veces -normalmente?- dáste de conta que non sabes onde pór os límites ata que atopas que xa os cruzaches hai quilómetros e atópaste nun campo minado. Como desexar a celebración da desorde violenta que eran os Sex Pistols e acabar en vez diso con Sid e Nancy, e darte de conta ao día seguinte que aínda queres oír a Sid cantar «Somethin’ Else» e ver *The Great Rock’n’Roll Swindle*, e non só porque queres entender mellor todo este episodio, senón para conseguir os teus chutes. Estas son contradicións que se resisten a ser resoltas, o que talvez sexa o que a meirande parte da vida chega a ser. Pero iso supón facer a pregunta de novo. A meirande parte da xente, supoño, nin sequera pensan acerca de marcar os límites: semella que pasan pola vida reaccionando ao azar, como o taxista que me dixó que a noticia que estabamos a escoitar na radio acerca do accidente nuclear de Three Mile Island non era máis que un montón de lixo imaxinado pola prensa para vender xornais ou manernos conectados. E pode ser que se vas así pola vida (asumindo, por suposto, que non nos imos fundir) nada che estoupe na cara. Pero pode que na conta sexas ti o que acabe estallando.

[...]

Hai unha cousa chamada Rock Contra o Racismo (e agora Rock Contra o Sexismo) en Inglaterra, un intento de acadar a simple decencia por unha chea de xente dos que un podería pensar que son demasiado novos e inxenuos como para comezar a apreciar as contradicións. Deixando a un lado as merdas dos yuppies, iso non podería acontecer nunca en Nova York, o que é profundamente entristecedor, non porque queiras pensar que o rock’n’roll pode salvar o mundo, senón porque xa que o rock’n’roll está ligado ás nosas vidas poderías ter a esperanza de ver como chega a un punto onde non engade nada á crueldade e a explotación que atopamos no mundo. Nun lugar onde a xente está tan illada unha da outra tal e como estamos hoxe en América, todo o que podes facer é procurar algún tipo de arranque sinxelo, humilde e finalmente privado. Sentese que non debera facer falta dicir cousas como estas, artigos coma este talvez non deberan nin ser escritos. Podes pensar, como eu fago sobre o sexismo nas letras dos Stranglers e dos Dead Boys, que a xente e as cousas das que falei aquí son tan estúpidas como para estar alén de toda consideración seria. Pero farías o mesmo que o artista negro de música disco a quen se lle impediu a entrada a Studio 54, aínda que tiña un éxito mundial no Top 10 que probablemente estaban a poñer no maldito lugar en ese momento, mentres o porteiro/gorila lle explica a un amigo branco do artista, «Non lle vou deixar entrar: a min non me parece máis que outro negrata da rúa»? Ou serías capaz de trazar as diferenzas entre o Racismo Chic ou o Racismo Molón? Se puideras, simplemente asegúrate de que o fas preto da fábrica máis próxima. Ou na prisión.